



## ELECCIÓN Ó CONSELLO ESCOLAR

### CIRCULAR INFORMATIVA ÁS **NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS**

En cumprimento do disposto RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 18/09/24), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO**, segundo o seguinte:

1. Corresponde elixir **UN** representantes de nais/pais ou titores legais **por renovación parcial**. A ANPA renova igualmente o seu posto no Consello Escolar designando un representante no mesmo.
2. Son **electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado** no centro no presente curso e incluídos no **censo electoral** que está exposto no taboleiro do centro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, que poderán presentar na administración do centro ata ás 14:15 horas do día 8 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial. A **presentación de candidaturas** poderá formularse dende o **30 de outubro ao 8 de novembro**, segundo o modelo que se facilitará na administración do Instituto e estará dispoñible igualmente na páxina web do centro.
4. A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 11 de novembro. As reclamacións á mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14:15 horas do día 13 de novembro.
5. O **sorteo** dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre as nais, pais e titores legais que non se presenten como candidatos o **11 de novembro ás 11:30h**. Dita mesa electoral estará formada polo Director, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade. A Xunta preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.
6. A **campaña electoral** comprenderá **do 12 ao 18 de novembro**, ambos os dous incluídos. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.
7. As **votacións** realizaranse o **19 de novembro de 2024** no hall do centro, podendo votar dende **17:30 ata as 19:30h**. A mesa será constituída o mesmo día en acto público ás 17:20 horas.
8. **Cada elector fará constar na súa papeleta un máximo de UN nome da lista de candidatos** presentados, debendo acreditar a súa identidade mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admite o voto por correo. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
9. En datas próximas recibirán outra circular informándolles do candidatos/as presentados.
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

A Coruña, 29 de outubro de 2024.

O Presidente da Xunta Electoral



## ELECCIÓN Ó CONSELLO ESCOLAR

### CIRCULAR INFORMATIVA AO **ALUMNADO**

En cumprimento do disposto RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 18/09/24), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR ALUMNADO**, segundo o seguinte:

1. Corresponde elixir **DOUS** alumnos/as **por renovación parcial**.
2. Son **electores e elixibles tódolos alumnos/as matriculados** no centro no presente curso.
3. A **presentación de candidaturas** poderá formularse dende o **30 de outubro ao 8 de novembro**, segundo o modelo que se facilitará en administración do Instituto e estará igualmente dispoñible na páxina web do centro.
4. A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 11 de novembro. As reclamacións á mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14:15 horas do día 13 de novembro.
5. O **sorteo** dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos o **11 de novembro ás 11.30h**. Dita mesa electoral estará formada polo Director, que actuará como Presidente, e dous alumnos/as, actuando de secretario o de menor idade. A Xunta preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.
6. A **campaña electoral** comprenderá **do 12 ao 18 de novembro**, ambos os dous incluídos. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.
7. As **votacións** realizaranse o **19 de novembro de 2024** no hall do centro, a mesa será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:50 horas. O alumnado irá votando ao longo da mañá, clase a clase de xeito graduado.
8. O voto será directo, secreto e non delegable. **Cada alumno fará constar na súa papeleta UN nome da lista de candidatos** presentados.
9. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

A Coruña, 29 de outubro de 2024.

O Presidente da Xunta Electoral